



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA

MANCOMÚN
INICIATIVAS SOBRE
SOFTWARE LIBRE EN GALICIA

Plan de Acción Software Libre 2026



Que é o Plan de Acción?



O Plan de Acción de Software Libre 2026 define as liñas de actuación coas que a Xunta de Galicia impulsa o uso de tecnoloxías libres como elemento estruturador da transformación dixital, promovendo a colaboración, a reutilización e a creación de valor público compartido.

O Plan articúlase arredor de cinco ámbitos de actuación (cidadanía, empresas, administración pública, talento e sustentabilidade) e reforza o papel do Software Libre como infraestrutura dixital común ao servizo do desenvolvemento económico, a innovación e a modernización dos servizos públicos en Galicia.

A Oficina de Software Libre da Xunta de Galicia, integrada na Área de Sociedade Dixital da AMTEGA, actúa como nodo de coordinación e impulso das políticas públicas en materia de Software Libre e reutilización tecnolóxica.

Desde a Oficina promóvese a adopción de solucións libres, o acompañamento aos diferentes axentes públicos e privados, e a xeración de coñecemento compartido, favorecendo un ecosistema dixital aberto, sostible e colaborativo en Galicia.

O portal mancomun.gal consolídase como punto de referencia para a difusión, a conexión de iniciativas e a posta en valor do ecosistema galego de Software Libre.



Elaborado por: Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA).

© Xunta de Galicia.

Esta obra distribúese cunha licenza Creative Commons Atribución–Compartir Igual 4.0 Internacional.

O documento completo está dispoñible no portal Mancomún.



Os eixos do Plan de Acción 2026

Eixos verticais
de actuación

**Impulso ao
tecido
empresarial**

**Capacitación
e inclusión
cidadá**

**Transformaci
ón da
Administraci
ón Pública**

**Difusión do
portal
Mancomún**

Eixos
transversais

Talento e capacitación dixital

Sustentabilidade e uso responsable da tecnoloxía





Empresa

O impulso ao uso do Software Libre no ámbito empresarial consolídase en 2026 como unha das liñas prioritarias de actuación da [Amtega](#), ao considerarse unha panca clave para avanzar cara a modelos empresariais máis eficientes, competitivos e sostibles, aliñados cos retos da transformación dixital.



E Colaboración estratéxica con AGASOL

A colaboración coa Asociación de Empresas Galegas de Software Libre (AGASOL) configúrase en 2026 como un eixo clave na relación da Amtega co tecido empresarial TIC galego, co obxectivo de reforzar o papel do Software Libre como motor de competitividade, innovación e desenvolvemento económico.

Os obxectivos deste convenio son:

- Participación das empresas asociadas a AGASOL, que poderán presentar propostas e prototipos innovadores apoiados en tecnoloxías abertas e reutilizables.
- Visibilización das capacidades do ecosistema galego de Software Libre, promovendo o intercambio de coñecemento, a colaboración empresarial e a xeración de novas oportunidades.
- Difusión dos resultados e boas prácticas obtidas, favorecendo a reutilización das solucións desenvolvidas e a súa proxección dentro do ecosistema dixital galego.



A través do convenio con AGASOL, en 2026 impulsárase:

Lanzamento dun reto tecnolóxico de interese público ás empresas, definido pola Oficina, para impulsar o desenvolvemento de solucións baseadas en Software Libre que dean resposta a necesidades reais da Administración ou da cidadanía.

Colaboración na organización dun hackathon, como espazo de colaboración, innovación aberta e desenvolvemento de solucións tecnolóxicas arredor do reto proposto.



E

Apeiría - Proba e avaliación de Software Libre na nube

Apeiría é un servizo que permite ás empresas galegas e ás persoas emprendedoras probar aplicacións de Software Libre na nube, de forma sinxela e sen complicacións, antes de decidir se lles encaixan no seu día a día.

En 2026, Apeiría continúa achegando ás empresas ferramentas prácticas para tarefas habituais de xestión, comunicación ou colaboración, ofrecendo un primeiro contacto real con solucións libres sen necesidade de facer investimentos nin coñecementos técnicos previos.

O servizo facilita así que as empresas coñezan alternativas existentes no mercado, experimenten con elas con tranquilidade e valoren o seu uso futuro segundo as súas propias necesidades.



apeiria.mancomun.gal



E Incentivar as prácticas InnerSource entre as empresas galegas

En 2026 manterase dispoñible, a través da plataforma de formación en liña da Rede CeMIT, unha oferta formativa orientada a achegar o modelo InnerSource ás empresas galegas, tomando como referencia as prácticas colaborativas propias do software libre aplicadas ao ámbito interno das organizacións.

A oferta concrétase en dous cursos en liña:



Modelos de InnerSource para PEMEs, orientado a amosar como este enfoque pode aplicarse en pequenas e medianas empresas para fomentar a colaboración interna, compartir coñecemento e mellorar a organización do traballo.



Xestión de Proxectos InnerSource, centrado en achegar unha visión xeral sobre como organizar e xestionar proxectos baseados neste modelo, prestando atención á coordinación dos equipos e ás dinámicas de traballo colaborativo.

A través destes cursos, preténdese facilitar un primeiro contacto co modelo InnerSource e apoiar ás empresas galegas que queiran valorar a súa aplicación como ferramenta para mellorar a colaboración e o funcionamento dos seus equipos.





E Difusión tecnolóxica en software libre para PEMEs

Reto das empresas galegas:

Un dos retos habituais das empresas galegas é identificar solucións de software libre que se adapten ás súas necesidades reais e ao seu contexto de actividade.

Aportacións da Oficina de Software Libre en 2026:

1

Difusión de solucións e ferramentas libres de interese para PEMEs, co obxectivo de dar a coñecer alternativas existentes a través de contidos prácticos, exemplos de uso e referencias aplicadas ao ámbito empresarial.

Llamafile



authentik, provedor de identidade autoxestionado



Xestión de proxectos



OpenProject

Thunderbird Appointment

Copia dos textos das imaxes



2

Apoio e orientación ás empresas en relación coa adopción de alternativas libres, a reutilización de solucións xa existentes e a identificación de iniciativas, recursos e provedores dispoñibles dentro do ecosistema galego de software libre.

3

Elaboración dunha nova guía temática, centrada nun ámbito específico de interese para as empresas, orientada a facilitar o acceso a recursos, referencias e boas prácticas sobre o uso do software libre no contexto empresarial.



E Capacitación de profesionais TIC, estudos e informes

A capacitación continua e o coñecemento da realidade do sector son factores clave para mellorar a competitividade das empresas e fortalecer o ecosistema TIC galego. Neste contexto, o Software Libre xoga un papel relevante tanto na formación de profesionais como na análise da adopción tecnolóxica nas empresas.

En 2026, as actuacións neste ámbito artéllanse arredor de dúas liñas complementarias: a formación especializada de profesionais TIC e a elaboración de estudos e informes de seguimento, que permiten coñecer a evolución do uso do Software Libre no tecido empresarial galego.



CENTRO DE NOVAS TECNOLOXÍAS
DE GALICIA

O Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia (CNTG) continuará a desempeñar un papel central na oferta formativa en materia TIC, incorporando contidos e solucións baseadas en Software Libre nas súas accións de capacitación.

A súa oferta formativa oríentase a responder ás necesidades reais do mercado laboral, contribuíndo á mellora das competencias profesionais e á dispoñibilidade de perfís cualificados para as empresas, cunha presenza destacada de tecnoloxías libres nos itinerarios formativos.



OBSERVATORIO
DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN
E A MODERNIZACIÓN DE GALICIA

As edicións dos estudos elaborados polo Observatorio da Sociedade da Información e Modernización de Galicia (OSIMGA) sobre o uso do Software Libre nas empresas galegas seguirán sendo unha referencia para comprender a evolución da súa adopción.

Ditos informes permiten identificar tendencias, detectar necesidades do tecido empresarial e servir de base para a definición de novas actuacións e medidas orientadas a reforzar a presenza do Software Libre no ámbito empresarial.



E Casos de éxito de empresas galegas en software libre

Coñecer experiencias reais de empresas galegas que empregan Software Libre no seu día a día contribúe a reducir barreiras, xerar confianza e achegar referencias prácticas ao resto do tecido empresarial. Neste sentido, os casos de éxito convértense nunha ferramenta clave para visibilizar o valor destas solucións no ámbito empresarial.

Ao longo de 2026, a Oficina de Software Libre **impulsará a elaboración e difusión de casos de éxito de empresas galegas que utilizan software libre en distintos ámbitos da súa actividade**, poñendo o foco na súa experiencia práctica, nos beneficios obtidos e no proceso de adopción seguido.

A través desta iniciativa, búscase dar visibilidade ás empresas, reforzar o ecosistema galego de Software Libre e ofrecer exemplos próximos que sirvan de referencia para outras organizacións interesadas en explorar este tipo de solucións.



Innovación



Beneficios



Experiencia



Visibilidade





Cidadanía

A cidadanía continúa a ser un dos ámbitos clave nas políticas de fomento e difusión do Software Libre impulsadas pola [Amtega](#). En 2026, as actuacións neste eido orientaranse a achegar as tecnoloxías libres a distintos colectivos sociais, promovendo o seu coñecemento e uso como ferramenta de inclusión dixital, capacitación e participación.

Neste contexto, manterase a colaboración cos diferentes axentes do ecosistema galego de Software Libre para o desenvolvemento de iniciativas divulgativas e formativas, cun papel destacado da [Rede CeMIT](#) como canle principal para chegar á cidadanía ao longo de todo o territorio.



Colaboración coas AGUSL

C

A través da colaboración coas Asociacións Galegas de Usuarios de Software Libre (AGUSL), a Amtega continuará apoiando o labor social e voluntario que estas entidades desenvolven a prol do fomento, difusión e implantación do Software Libre en Galicia.

En 2026, esta colaboración permitirá impulsar actuacións desde unha perspectiva participativa e de proximidade, favorecendo o acceso ao coñecemento tecnolóxico e o uso de ferramentas libres en diferentes colectivos sociais.

En concreto, as AGUSL colaborarán coa Amtega na organización de xornadas divulgativas, obradoiros e accións formativas sobre software e hardware libre; na elaboración de documentación en lingua galega que facilite a aprendizaxe destas tecnoloxías; e no fomento da localización de software libre ao galego, contribuindo á normalización da lingua nas TIC.

Así mesmo, a colaboración coas AGUSL servirá para dar visibilidade a Galicia nas comunidades de software e hardware libre, mediante a participación e organización de eventos de ámbito nacional e internacional, así como para a difusión de proxectos de interese social e iniciativas vinculadas á cooperación e solidariedade social.





Colaboración coas AGUSL

C

Organización e participación en xornadas e eventos de referencia no sector do Software e Hardware Libre, así como na realización de obradoiros e charlas abertas dirixidas á cidadanía. Algunhas das actividades a destacar son::

- **Xornadas e eventos de referencia:** OSHWDem, principal encontro galego de software e hardware libre, xornada de Usuarios de R en Galicia, congreso esLibre, HackUDC e encontros de desenvolvemento colaborativo.
- **Obradoiros e formación especializada:** introdución ao motor de videoxogos Godot Engine, Programación con Snap! e MicroBlocks, Servidores de correo autónomos e soberanía dixital, Robótica, IoT, impresión 3D e fabricación dixital con tecnoloxías abertas.
- **Tecnoloxía libre para a cidadanía:** Repair Café para reparación colaborativa de dispositivos, formación en alfabetización dixital e reacondicionamento de equipos, Rede de Bancos de Reciclaxe Electrónica con Software Libre.
- **Impulso ao talento e á innovación aberta:** premios a proxectos universitarios con licenza libre, participación en eventos internacionais como FOSDEM, difusión de proxectos e recursos abertos reutilizables.





Experiencias reais co Software Libre

C

Voces da comunidade



Normalizar o Software Libre: uso cotián, non experto, real.



Derrubar barreiras de entrada: perda de medo, proximidade, exemplos próximos.



Visibilizar á xente do común: persoas reais, contextos reais, decisións reais.

Ao longo de 2026 continuarase coa publicación de entrevistas a persoas da comunidade, que explican en primeira persoa como empregan software libre no seu día a día, que lles aporta e como chegou a formar parte da súa rutina persoal ou profesional.





Rede CeMIT

C



Que demanda a cidadanía?

A cidadanía amosa unha crecente demanda de capacitación dixital práctica, acceso a ferramentas tecnolóxicas e acompañamento para desenvolverse nun contexto cada vez máis dixital, tanto na vida cotiá como no ámbito persoal e profesional. Esta necesidade maniféstase de xeito diverso segundo os colectivos, os territorios e os niveis de coñecemento previo.

Por que a Rede CeMIT é a resposta?

A Rede CeMIT, con centros distribuídos por toda Galicia, dá resposta a estas demandas achegando a tecnoloxía á cidadanía desde a proximidade, mediante accións formativas accesibles, adaptadas e orientadas á inclusión dixital. A través das aulas CeMIT facilítase o acceso a competencias dixitais, promovendo o uso consciente e autónomo das tecnoloxías.

En 2026, desde a Oficina de Software Libre reforzarase o apoio á Rede CeMIT para incrementar a oferta de contidos baseados en Software Libre, contribuíndo a unha capacitación dixital máis aberta, sostible e alineada coas necesidades reais da cidadanía galega.

CeMIT

Centros para a Modernización
e Inclusión Tecnolóxica





Administración

No ámbito da administración pública, en 2026 as actuacións en materia de Software Libre orientaranse a consolidar a súa utilización como base para o desenvolvemento de servizos públicos máis eficientes, reutilizables e sostibles.

Neste contexto, reforzaranse o apoio aos equipos TIC na adopción e reutilización de solucións libres, promoverase o intercambio de experiencias entre administracións e impulsaranse accións para aumentar a visibilidade das solucións desenvolvidas pola Xunta de Galicia, así como a publicación e liberación de novo software con potencial de reutilización, tanto no propio ámbito público como fóra da Comunidade Autónoma.



A Eira de Mancomún - Repositorio de Software Libre da Xunta de Galicia

A A Eira de Mancomún constitúe o repositorio público de Software Libre da Xunta de Galicia e o punto central para a publicación, acceso e reutilización das solucións tecnolóxicas desenvolvidas no ámbito da administración autonómica. Baseada en software libre (GitLab), A Eira permite organizar, xestionar e poñer a disposición da comunidade os proxectos liberados pola Xunta de Galicia.

En 2026 manterase o impulso á publicación con licenza libre de novos proxectos, seleccionados en función do seu potencial de reutilización por outras administracións públicas, entidades ou axentes do ecosistema dixital, favorecendo a colaboración, a mellora continua e o aproveitamento compartido dos desenvolvementos públicos.

A Oficina de Software Libre da AMTEGA continuará prestando apoio aos equipos responsables dos proxectos durante todo o proceso de liberación, tanto de software como de contidos, realizando a análise técnica necesaria para garantir a ausencia de dependencias non libres e asesorando sobre as condicións e modalidades de publicación máis axeitadas. Deste xeito, A Eira consolídase como unha ferramenta clave para fomentar a reutilización, a transparencia e a eficiencia no desenvolvemento de servizos públicos dixitais.



Mancomún é a marca baixo a que se agrupan todas as iniciativas de software libre impulsadas pola Xunta de Galicia, a través da Oficina de software libre da AMTEGA (software.libre@xunta.gal)




Casos de éxito de Administraciones Públicas

A reutilización de Software Libre entre administraciones públicas permite mellorar a eficiencia no desenvolvemento de servizos, reducir custos e aproveitar solucións xa contrastadas noutros contextos institucionais. Coñecer experiencias reais facilita a toma de decisións e impulsa a adopción de modelos de desenvolvemento reutilizables e colaborativos.

Ao longo de 2026, desde a Oficina de Software Libre da AMTEGA impulsárase a identificación, documentación e difusión de casos de éxito de administraciones públicas que empregan software libre nos seus servizos e infraestruturas TIC, tanto no ámbito estatal como internacional, e continuará a publicar o boletín en materia de reutilización.

Os contidos difundiránse a través dos canles habituais de Mancomún, con especial atención ao boletín dirixido aos responsables TIC da Xunta de Galicia, e estarán dispoñibles para outras administraciones públicas e para a cidadanía interesada a través do portal mancomun.gal.





Asesoramento sobre ferramentas libres e estándares abertos

Cales son os retos da Administración Pública?

A administración pública precisa dispor de criterio, coñecemento e acompañamento para tomar decisións tecnolóxicas axeitadas, garantir a interoperabilidade dos seus servizos e empregar solucións sostibles, reutilizables e non dependentes dunha única tecnoloxía ou provedor. Neste contexto, o Software Libre e os estándares abertos constitúen elementos clave para unha administración dixital eficiente e accesible.

Que ofrece a Oficina de Software Libre?

Asesoramento



A Oficina de Software Libre da AMTEGA presta un servizo continuado de asesoramento aos diferentes departamentos da Xunta de Galicia para apoiar a toma de decisións en materia TIC. Este apoio inclúe a identificación de alternativas de software libre axeitadas para necesidades concretas, a análise de aspectos relacionados co licenciamento e a propiedade intelectual nas contratacións, así como a valoración do grao de madurez de solucións libres preidentificadas.

Busca activa e vixilancia



Desenvolverase unha busca activa de oportunidades de mellora no uso de ferramentas libres e estándares abertos nos servizos de administración electrónica. Esta tarefa complétase cunha vixilancia proactiva para garantir que as solucións de e-Administración empregadas na relación coa cidadanía e as empresas cumpran co principio de non discriminación por escolla tecnolóxica, favorecendo o acceso universal aos servizos públicos dixitais.

Formación en Software Libre para o persoal empregado público




A capacitación do persoal empregado público en Software Libre e cultura dixital aberta é un elemento clave para avanzar cara a unha administración máis eficiente, reutilizable e preparada para afrontar os retos da transformación dixital. En 2026, a formación constitúe unha panca fundamental para consolidar o uso destas tecnoloxías no deseño, desenvolvemento e xestión dos servizos públicos.



O **Plan Formativo Ofimático de Galicia**, en colaboración coa Escola Galega de Administración Pública (EGAP), continuará incorporando accións formativas vinculadas ao desenvolvemento de competencias dixitais (ComDix), cunha presenza significativa de ferramentas e solucións baseadas en Software Libre.



O **Plan anual de formación do profesorado**, dependente da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, seguirá apoiando a implantación e o desenvolvemento de Edixgal nos centros educativos, mediante accións formativas e de acompañamento relacionadas co uso de contornos, ferramentas e equipamento baseados en tecnoloxías libres, como o ecosistema ABALAR.



Mancomún

O portal mancomun.gal mantense en 2026 como o espazo público de referencia para a información, difusión e conexión de iniciativas relacionadas co Software Libre en Galicia, actuando como punto de encontro do ecosistema galego e como canle principal das actuacións impulsadas pola Oficina de Software Libre da AMTEGA.

A través do portal difúndese a actualidade do sector, visibilízanse proxectos, recursos e experiencias relevantes, e dálle continuidade á acción pública en materia de Software Libre, facilitando o acceso á información tanto á cidadanía como ás empresas e ás administracións públicas.



Axenda

Queres engadir un evento á axenda?

As entidades ou persoas organizadoras de actividades relacionadas co software ou hardware libre en Galicia poden enviar a información correspondente para a súa inclusión na Axenda de Mancomún e a súa difusión a través do portal.

AXENDA

Ven e participa nos eventos da rede

A axenda do software e hardware libre en Galicia

ABRIL 2026						
Lu	Ma	Me	Xo	Ve	Sa	Do
30	31	1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	1	2	3

A Axenda de Mancomún consolídase como o espazo central de referencia para coñecer e seguir a actualidade do software e hardware libres en Galicia, reunindo nun único punto información sobre eventos, xornadas, encontros, obradoiros e efemérides relevantes do sector.

Galicia conta cun ecosistema activo e diverso de asociacións, grupos informais e entidades comprometidas coa cultura e as tecnoloxías libres. Desde Mancomún impulsárase a visibilización e difusión das súas actividades, apoiando tanto a organización de eventos e charlas como a participación en proxectos e iniciativas ligadas ao software e hardware libre.



Podcast

O Podcast de Mancomún continuará en 2026 como un canle de difusión estable e próximo para achegar o Software Libre á cidadanía, ás empresas e ás administracións públicas a través dun formato accesible e divulgativo.

A través do podcast abordaranse temáticas diversas relacionadas co software libre, dando voz a proxectos, persoas e iniciativas do ecosistema galego, así como a experiencias e tendencias de interese, mediante episodios individuais e series temáticas centradas en ámbitos concretos.

Dito formato permite complementar o contido informativo do portal Mancomún, facilitando unha comunicación máis directa e contribuíndo a ampliar o alcance das actuacións de difusión a novos públicos.



Subscripción aos canles do podcast

O podcast de Mancomún está dispoñible nas principais plataformas de distribución de contidos en audio, facilitando o acceso aos episodios desde diferentes dispositivos.





Redes sociais

En 2026, Mancomún artéllase como un conxunto integrado de servizos dixitais ao servizo da divulgación, reutilización e desenvolvemento de Software Libre en Galicia. A través destes recursos, facilítase o acceso aberto a contidos, proxectos e ferramentas dirixidas á cidadanía, ás empresas e ás administracións públicas.



Repositorio Documental de Software Libre, que permite á cidadanía propoñer a publicación de materiais formativos e divulgativos en formatos abertos, con licenza libre e en lingua galega, contribuíndo á creación e compartición de coñecemento común.




A Eira de Mancomún, repositorio de Software Libre da Xunta de Galicia, consolídase como a infraestrutura central para a publicación e xestión de proxectos con licenza libre, tanto para a liberación de desenvolvementos propios da Administración como para facilitar a súa reutilización por outros axentes do ecosistema dixital.



Mancomún reforza a súa presenza en canles dixitais e redes sociais, diversificando formatos e contidos para chegar a novos públicos e ampliar o alcance das accións de difusión do Software Libre en Galicia.





Talento

O talento constitúe un elemento clave para a sustentabilidade e evolución do ecosistema de Software Libre en Galicia. A dispoñibilidade de persoas formadas, con coñecemento e capacidade para crear, manter e reutilizar solucións tecnolóxicas abertas é un factor determinante tanto para a innovación como para a consolidación de proxectos a medio e longo prazo.

Neste contexto, ao longo de 2026 o talento será un dos eixos prioritarios de actuación, coa finalidade de reforzar a relación entre Software Libre, coñecemento, aprendizaxe e xeración de oportunidades para persoas, comunidades e organizacións.



Talento - Enfoque transversal no 2026

O talento será en 2026 un elemento transversal en todas as actuacións do Plan de Acción en Software Libre, entendendo que a capacitación, a aprendizaxe práctica e a participación activa das persoas son condicións necesarias para o éxito das políticas públicas neste ámbito.

Neste sentido, todas as liñas e actuacións descritas ao longo do Plan incorporarán un compoñente orientado ao desenvolvemento de talento, ben sexa a través da formación, da experimentación práctica, da transferencia de coñecemento ou da participación nas comunidades e iniciativas de Software Libre.

O Plan de Acción aposta así por aproveitar e reforzar o impacto en talento das actuacións dirixidas á cidadanía, ás empresas e á administración pública, contribuíndo á creación dun ecosistema máis capacitado, activo e sostible arredor do Software Libre en Galicia.

O talento acompaña e reforza todas as actuacións do Plan.



Formación



Comunidade



Práctica



Participación



Sustentabilidade

No marco do Plan de Acción 2026, a sostibilidade enténdese como un enfoque transversal, presente no deseño e execución das actuacións dirixidas á cidadanía, ás empresas e á administración pública, coa finalidade de garantir que os esforzos realizados teñan impacto duradeiro e sexan reutilizables no tempo.

Desde esta perspectiva, as actuacións do Plan incorporarán criterios orientados á sostibilidade técnica, organizativa e económica, promovendo modelos baseados no Software Libre que favorezan a reutilización, o mantemento compartido, a colaboración entre axentes e o reforzo do ecosistema dixital galego.



Sustentabilidade - Criterios que guían o Plan

A sustentabilidade non se formula como unha actuación concreta, senón como un conxunto de criterios que orientan todas as accións do Plan.



Reutilización como principio

As actuacións priorizan a reutilización de solucións existentes, coñecemento compartido e desenvolvementos con potencial de continuidade.



Continuidade no tempo

As iniciativas deséñanse coa perspectiva do mantemento, a evolución progresiva e a integración en estruturas xa existentes.



Eficiencia no uso de recursos públicos

Promóvese un uso racional dos recursos técnicos, económicos e humanos, evitando duplicidades e dependencias innecesarias.



Ecosistema e colaboración

O Plan favorece modelos colaborativos que reforzan a comunidade, o mantemento compartido e a corresponsabilidade entre axentes.



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA

Plan de Acción Software Libre 2026

